




BASES DO CONCURSO 2026






CinVigo é un gran festival que busca achegar o mundo científico, nos seus diferentes aspectos, ao gran público, converténdose nun evento anual, no que a ciencia sae ás rúas de Vigo durante a última fin de semana de abril. Buscando xerar un ecosistema no que estudantes, centros educativos e cidadanía en xeral vivan unha experiencia de ocio no ámbito do coñecemento científico.

CinVigo 2026, na súa cuarta edición, terá lugar no entorno da cidade de Vigo, en formato presencial, durante o sábado 25 e o domingo 26 de abril; e estará aberto tanto a estudantes participantes na feira científica como público en xeral.

Organizado polo CINBIO (Centro de Investigación en Nanomateriais e Biomedicina da Universidade de Vigo), coa colaboración da *Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología - Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades*.

[OBJECTIVOS DO CONCURSO]

- Desenvolver ideas innovadoras que fagan que a sociedade se sinta máis atraída pola ciencia.
- Resaltar o carácter global da ciencia.
- Permitir aos participantes o desenvolvemento de materiais de gran calidade científica, de maneira que sexan unha axuda para complementar a súa formación e coñecementos no ámbito científico.
- Animar á docencia a xerar interese pola ciencia de maneira activa para chegar aos estudantes nas aulas.
- Involucrar ao persoal investigador en actividades de divulgación científica.
- Incrementar a cultura científica da cidadanía.
- Amosar a importancia da ciencia para o progreso da sociedade e o benestar da cidadanía.



[MODALIDADES DE PARTICIPACIÓN]

A organización resérvase o dereito a cancelar/pospoñer o evento en caso de que a situación sanitaria así o requira e/ou por outras causas de forza maior, como as condicións meteorolóxicas adversas. En calquera caso, **CinVigo** será un festival científico 100% presencial.

Os centros educativos e/ou de ensinanza non regrada acudirán a Vigo representados por **grupos de estudantes, acompañados de profesorado**, y expoñerán os seus proxectos no campo da ciencia de maneira gratuíta e aberta a calquera persoa interesada que queira achegarse ao evento.

A participación será en **grupos de mínimo 2 persoas e dun máximo de 4 concursantes, sempre acompañados por unha persoa pertencente ao equipo docente do centro**, que será a responsable do grupo, así como o contacto directo coa organización do evento. Excepcionalmente se permitirá a inscrición de máis participantes no grupo por problemas de participación ou xestión do seu posto expositivo, **pero tendo en conta que hai un máximo 4 premios por categoría**.

[PARTICIPANTES]


O concurso está dirixido a estudantes de ESO, Bacharelato e Ciclos Formativos de calquera centro educativo e/ou de ensinanza non regrada. Cada equipo estará sempre acompañado/representado por profesorado do centro, unha persoa que será responsable do grupo e servirá de contacto coa organización do concurso.

Se establecen **tres niveis de participación ou categorías**, baseados no curso no que estean as/os estudantes. No caso de grupos con participantes de diferentes cursos, competirán no nivel correspondente ao do estudante no curso superior.

Haberá tres niveis e categorías de participación:

- ✓ **Early researchers:** Estudantes de 1º e 2º de ESO.
- ✓ **Young researchers:** Estudantes de 3º e 4º de ESO.
- ✓ **Teen researchers:** Estudantes de 1º e 2º de Bacharelato e ciclos formativos.

Para participar neste concurso é necesario aceptar a cesión de dereitos de imaxe de todos e todas as participantes, tanto menores como maiores de idade. Por este motivo, para formalizar a participación é necesario aportar documentos de cesión de dereitos de imaxe firmados ben polos e polas participantes (se son maiores de idade) ou polo pai/nai/titor legal dos menores.



A participación no concurso supón a ocupación e presenza nos stands expositivos do festival, cumprindo os horarios de apertura nos que se desenvolverá a feira, de xeito que o stand de cada grupo estea sempre cuberto por como mínimo dous participantes.

[CRITERIOS DE VALORACIÓN]

Entre todos os proxectos inscritos, un comité científico formado por persoal do CINBIO **seleccionará os proxectos participantes**, que serán os que finalmente concursan no festival científico do 25 e 26 de abril de 2026, contando cada un deles cun stand expositivo propio.

O traballo debe ser de recente elaboración e deberá cumprir as seguintes características:

- Orixinalidade e creatividade.
- Calidade da proposta.
- Mensaxe: adecuación ao concepto ou idea representada.
- Interese e curiosidade despertados co proxecto.
- Utilidade do proxecto na sociedade.
- Presentación correcta e actitude do grupo.
- Accesibilidade, como factor imprescindible para a inclusión social e exemplo de solidariedade no ámbito educativo.


O proxecto deberá ofrecer unha visión atractiva da ciencia, facilitar a súa comprensión por parte de estudantes e público non especializado, valorando as súas posibilidades de alcance e difusión.

Os proxectos presentados deberán demostrar fenómenos da ciencia: principios, conceptos ou teorías. Calquera demostración que explique un fenómeno físico, químico ou natural relacionado coa ciencia.

[PREMIOS]

Os equipos gañadores de cada categoría de CinVigo 2026 recibirán os seguintes premios:

- ✓ **Premio *Early researchers*:** Consola de videoxogos ou equivalente*.
- ✓ **Premio *Young researchers*:** Participación noutra feira científica ou equivalente*.
- ✓ **Premio *Teen researchers*:** Estancia en CINBIO + tablet ou equivalentes*.
- ✓ **Premio popular CinVigo:** Estancia en CINBIO ou equivalente*.



** A organización resérvase o dereito de modificar os premios e entregar equivalentes aos arriba mencionados por adaptación a necesidades específicas do grupo de gañadores/as, así como a suspender o premio a algunha categoría se así fose necesario.*

NORMAS PREMIOS:

Premio Young researchers:


- Este premio está suxeito a que os integrantes do grupo (máx. 4) xunto ao seu profesor-a, acudan a unha feira científica nacional a escoller no ano natural seguinte á celebración do festival.
- O premio non superará nunca a cantidade de 500€ por persoa en calidade de desprazamento e aloxamento.
- O premio está suxeito a que o profesor ou profesora se faga responsable dos participantes do grupo. No caso de que algún dos participantes non continúe no mesmo instituto o ano da viaxe, o docente decidirá si se fai responsable do menor na viaxe.

Premio Teen researchers:

- As catro persoas gañadoras do premio acudirán ao CINBIO acompañadas dun/unha docente ao centro durante dúas mañás consecutivas (en horario de 10 a 14h) nas que poderán visitar as instalacións, asistir a pequenos talleres e charlas; e falar de preto con persoal investigador de CINBIO.
- As xornadas estarán sempre coordinadas co centro educativo (e o/a responsable docente), correndo a cargo deste último o desprazamento ata o CINBIO.

Premio popular:

- As catro persoas gañadoras do premio popular acudirán ao CINBIO acompañadas dun/unha docente ao centro durante dúas mañás consecutivas (en horario de 10 a 14h) nas que poderán visitar as instalacións, asistir a pequenos talleres e charlas; e falar de preto con persoal investigador de CINBIO.
- As xornadas estarán sempre coordinadas co centro educativo (e o/a responsable docente), correndo a cargo deste último o desprazamento ata o CINBIO.



[XURADO]

O xurado poderá estar constituído por profesionais da divulgación científica, persoal do CINBIO e personalidades das entidades organizadoras.

Os grupos gañadores faranse públicos ao final do evento. Así mesmo, quedarán publicados na páxina web unha vez finalizado o evento.


O xurado poderá declarar deserto o premio en calquera das modalidades do certame. A participación neste concurso supón a plena aceptación das presentes bases e a conformidade coas decisións do xurado.

[ATENCIÓN: OTRAS NORMAS IMPORTANTES]

As seguintes normas serán de importancia para a correcta celebración do evento e tamén serán valoradas polo xurado encargado de avaliar os proxectos da feira científica:

- Prohibición de utilizar mostras biolóxicas como parte dos proxectos científicos da feira.
- Queda prohibido ofrecer comida e/ou bebida, ademais de realizar probas ao público que visite a feira científica (por exemplo, aplicar cremas, utilizar un glicómetro ou tiras reactivas, etc.).
- Prohibición de fumar e beber alcohol durante a participación na feira científica, así como outras prácticas que sexan prexudiciais para a saúde das e dos participantes.

Así mesmo, agárdase un comportamento cívico e respectuoso co entorno e co conxunto das persoas implicadas no evento. O incumprimento destas normas poderá poñer en risco a participación do proxecto no concurso.



[ACEPTACIÓN BASES]

A través da inscrición no concurso se porá a disposición dos/das participantes e os seus titores, os documentos de autorización de participación, cesión de dereitos de imaxe e aceptación de política de protección de datos. A participación no concurso supón a aceptación das bases (e polo tanto a cesión dos citados dereitos).